



## INFORMACIÓN SOBRE A REAPERTURA DA BIBLIOTECA DE GALICIA

No BOE núm. 130, do 9 de maio de 2020, publicouse a *Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*. No capítulo VIII desta orde do Ministerio de Sanidade detállanse as condicións para a reapertura ao público das bibliotecas, tanto de titularidade pública como privada, nesta primeira fase de flexibilización das medidas de confinamento pola crise do COVID-19.

O 9 de maio, o DOG publicou a *RESOLUCIÓN do 8 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de maio de 2020, polo que se aproba o Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19*.

O día 16 de maio, na xuntanza do Centro de Coordinación Operativa (CECOP), aprobouse o *Protocolo polo que se establece o reinicio da actividade presencial dos arquivos, museos e bibliotecas de xestión da Consellería de Cultura e Turismo e se establecen medidas preventivas fronte ao COVID-19*.

En aplicación das citadas normas, as **actividades autorizadas na Biblioteca de Galicia** serán as seguintes:

- **Préstamo e consulta en sala dos fondos custodiados na biblioteca.** As obras poderán ser solicitadas polos usuarios (preferentemente mediante petición ou reserva anticipada) e serán proporcionadas polo persoal da biblioteca.
- Ningunha obra do catálogo da Biblioteca de Galicia será susceptible de préstamo a domicilio. Aquelas que puntualmente aparecen no catálogo da biblioteca como DISPONIBLES están suxeitas a condicións de préstamo especiais. Polo momento, queda excluída calquera opción de consulta destas obras fóra das instalacións da biblioteca.
- **Información bibliográfica e bibliotecaria.**
- A petición previa dos fondos poderá realizarse a través do correo electrónico [bibliotecadegalica@xunta.gal](mailto:bibliotecadegalica@xunta.gal) e nos teléfonos 881 999 279 / 981 545 070.
- O usuario será informado, ben por teléfono ou por correo electrónico, do día no que poderá acudir a consultar a obra solicitada.
- Poderanse consultar un máximo de tres ítems por usuario e día, agás causa xustificada. Se un usuario precisa consultar un mesmo documento máis dun día, deberá indicar





esta circunstancia ao persoal da biblioteca. Permitirase a reserva dese documento durante un máximo de 5 días consecutivos.

- Unha vez consultadas as obras, devolveranse ao persoal da biblioteca, que as depositará nun lugar apartado **durante polo menos catorce días**.
- O horario no que se prestarán os servizos bibliotecarios autorizados na fase 1 da desescalada será de **luns a venres de 9:00 a 21:00 horas**.

No tempo en que estea vixente a *Orde SND/399/2020* a Biblioteca de Galicia **NON** prestará os seguintes servizos:

- Estudo en sala.
- Préstamo interbibliotecario.
- Actividades culturais, así como calquera outro servizo destinado ao público distintos dos expresamente mencionados como autorizados.
- As coleccións en libre acceso (obras conservadas na sala de consulta) permanecerán pechadas ao público. Poderanse consultar as obras destas coleccións pero **só previa solicitude ao persoal da biblioteca**.
- NON se poderá facer uso dos computadores de acceso a Internet da biblioteca destinados para o uso público dos cidadáns, así como dos catálogos de acceso público. Queda tamén prohibido o acceso aos equipos informáticos para á consulta da prensa dixitalizada que aínda se atopa baixo dereitos de propiedade intelectual e aos destinados á consulta do Depósito Legal Electrónico.

Para cumprir coas medidas de hixiene e/ou de prevención establecidas, a Biblioteca de Galicia informa do seguinte:

- Establecese unha **redución do aforo ao trinta por cento (30%)** para garantir que se cumpren as medidas de distancia social (2 metros). **En total os postos de consulta da biblioteca quedan reducidos a 41**.
- Os usuarios NON poderán acceder á biblioteca con libros ou calquera outro tipo de documentos propios. Permitirase o acceso con dispositivos electrónicos móbiles (smartphones, tablets e ordenadores portátiles). Queda expresamente prohibida a utilización destes dispositivos como ferramentas para o estudo na sala de lectura da biblioteca.
- Na zona de acceso e nos puntos de contacto co público, situaranse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.



- Os lugares de atención ao público dispoñerán de medidas de separación entre os traballadores da biblioteca e os usuarios.
- Os usuarios da biblioteca poderán facer uso dos aseos públicos aínda que a súa ocupación restrinxirase a unha soa persoa de cada vez, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante. A limpeza e desinfección dos aseos realizarase, como mínimo, seis veces ao día.

Nas dependencias da biblioteca instalaranse carteis e outros documentos informativos sobre as medidas hixiénicas e sanitarias para o correcto uso dos servizos bibliotecarios autorizados.

O acceso as instalacións da Biblioteca de Galicia só estará permitido para o desenvolvemento das actividades expresamente autorizadas neste documento.

A Biblioteca de Galicia recomenda que os usuarios acudan a ela de xeito individual. En todo caso, tanto os usuarios como o persoal da biblioteca, deberán respectar as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19, e, en particular, as relativas ao mantemento dunha distancia mínima de seguridade de, polo menos, dous metros (2 metros).

Os usuarios deberán seguir en todo momento as instrucións do persoal da Biblioteca de Galicia. O persoal técnico ou de seguridade do centro poderá solicitar o abandono inmediato das instalacións se detecta que se están a usar con outros fins que para os expresamente autorizados neste documento.

A Biblioteca de Galicia informará puntualmente da reapertura progresiva dos seus servizos en base ás instrucións que establezan as autoridades competentes.

A dirección da Biblioteca de Galicia

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2020